

Pirata



ADVERTEN

O contido íntegro deste artefacto está protexido pola Lei de Propiedade Intelectual, polo Código Penal, polas Forzas de Seguridade do Estado de excepción do Reino de España e pola Cristiandade Occidental. Autorízase unicamente o seu uso doméstico. Para exercer este dereito de uso doméstico nun núcleo formado por máis dun individuo deberán estes vivir xuntos e presentar en comisaría, altar ou oficina da SGAE o correspondente certificado de matrimonio e/ou o libro de familia e demostrar cientificamente vínculo de sangue. Toda utilización deste artefacto por un número de individuos superior a tres será considerada reunión e asociación ilegal e, por tanto, as Forzas de Seguridade do Estado de excepción do Reino de España apoiadas na Cristiandade Occidental procederán á súa disolución, empregando se for necesario a violencia psíquica e/ou física. De non caeren pola xanela da comisaría, serán trasladados ao campo de Guántanamo na illa de Cuba. As consideradas familias numerosas deberánlle solicitar un permiso específico ao titular dos dereitos. Queda prohibido o seu uso por aqueles individuos que se atopen en situación de ilegalidade ou alegalidade –negros, comunistas, abertzales, polacos, lesbianas, bolxeviques, árabes, republicanos, prostitutas,


ADVERTEN

CIA LEGAL

paleofalantes e extraparlamentarios en xeral-. Así mesmo queda prohibida a súa utilización por todos os individuos que mantiveran algunha vinculación coa República de Cuba do ano 1959 en diante. Non se autoriza a aldraxe pública ou privada do artefacto. Aqueles individuos que pretendan ampararse nos pequenos resquicios de liberdade da Lei de Propiedade Intelectual, tales como pertenza a institucións públicas, serán considerados un axente desestabilizador por crear «ilusión de impunidad» e por tanto as Forzas de Seguridade do Estado de excepción do Reino de España e a Cristiandade Occidental veranse na obriga de elaborar as posibles vías para neutralizar militarmente esta amenaza potencial. Queda prohibido o seu uso ideolóxico e/ou literario. Non se poderá citar total nin parcialmente o seu contido. Fica tamén prohibida a súa reprodución oral, así coma os debates públicos e privados sobre este artefacto e sobre os textos nel contidos. Quen reproduza, plaxie, transforme, cuspa, emporcalle, inxira, distribúa ou alugue a totalidade ou parte do artefacto con ou sen autorización do titular incorrerá en responsabilidade civil e ficará exento dos dereitos que teoricamente se lle atribúen na Declaración Universal de Dereitos Humanos.

CIA LEGAL





Pirata:

Dziga Vertov: **O home coa cámara, 1929** Cadernos de Cultura e Derrube:
Axeónllate e prega polo teu amor Paco Goya: **Que rompa o adival** María do Cebreiro: **Postal dende Bos Aires** Daniel Salgado: **A irreprochábel conduta do anarquista** Víctor Erice: **O sol do marmelo, 1992** Robert Bresson: **O diñeiro, 1983** X.Carlos Hidalgo: **Música das esferas A.S.: «Primeiro de maio [...]»** Isaac Lourido: **Granjeiros húngaros e violinistas estónias contra a poética da obediência** Jean-Luc Godard: **Vivir a súa vida, 1962** Jorge Sanjinés: **O sangue do cóndor, 1969** Nadina Bértolo: **Imos facerche cagar aquilo que nos deches de comer** Mario Regueira: **R** Xiana Arias: **Cleo de dez a doce** Samuel Solleiro: **20.000 leguas de viaxe subnormal** Eva F. Ferreira/Roi Vidal: **Ningures ou Plató** Robert Flaherty: **Nanuq o do norte, 1920-1922** Leo F. Campos: **Escribir é plaxiar o pobo galego en xeral [...]** Aurelio Castro: **Tren de sombras** Joaquim Jordá: **De nens, 2004** R.W. Fassbinder: **O medo devora a alma, 19--** Lara Rozados: **Canto val?** Lorena Souto: **«Coa chegada da mediamañá [...]»** Marcos Abalde Covelo: **Topografía do mijadouro- duchamp** Cristina G. Parga: **«Seica xa hai tempo [...]»** Rebeca Baceiredo Pérez: **A liberdade que o liberalismo vende** John Heartfield **Adolf, o Superhome - Traga ouro e fala folla de lata.**

Selección de fotogramas:
Cineclube de Compostela

AXEÓNLLATE E PREGA POLO TEU AMOR



E vin, cando abriu o sexto selo, que houbo un gran terremoto. O solo virou mouro coma un pano de picote e a lúa volveuse en sangue. As estrelas do ceo caeron na terra, como a figueira solta os seus figos cando zorrega nela un gran vento. Era unha daquelas veladas en que pedía propostas a dez ou quince persoas, até que unha amiga miña fixo a pregunta axeitada: Que é o que máis che gusta? Así comecei a pintar diñeiro:

«E que fas ti con cincocentos millóns de estrelas?»

«Nada. Posuías.»

«Posúes as estrelas?»

«Posúo.»

«E de que che serve posuír as estrelas?»

«Sérveme para ser rico.»

Gañar cartos é unha arte, e traballar é unha arte, e facer bos negocios é a arte máis elevada. Até a democracia vulgar, que ve na república democrática o reino milenar e non ten a menor idea de que é precisamente baixo esta última forma de Estado da sociedade burguesa onde se vai ventilar definitivamente pola forza das armas a loita de clases; até ela mesma está hoxe a mil légoas de altura sobre esta caste de democratismo que se move dentro das lindes do autorizado pola policía e vedado pola lóxica.



Os reis da terra, e os seus grandes, os xenerais, os ricos, os fortes e todos, servos e libres, agacháronse nas covas e entre os penedos. E dicíanlle aos montes e aos penedos:

«Na camarada sexy: Derruba a monarquía! Queda a bastilha nacional. Basta! Putsch Tá assim instituída a democracia. E todo mundo chia na panela fervendo água fria. Fica tamtamtam fica tamtamtam fiiiica. Ficaaaa, fiiica, fíca, fíca, fiiica!»

(Por iso, a volta á fala popular viva é indispensábel e realízase –isto é perceptíbel para todas– na creación de expoñentes xeniais da conciencia popular tales como Gógol)



Ficamos nos beijando e acariciando cinco minutos:

«A quem te diga que o nosso amor é extraordinário porque nasceu de circunstâncias extraordinárias, di-lhes que precisamente lutamos para que um amor coma o nosso (amor entre compañeiras de combate) chegue a ser em ***** o amor mais comum e corrente. Quase o único.»

Dime que só quere que foda nela cando eu teña os collóns ben cheos, até rebentar. Por iso, cando xa botamos varios ferretes, mándame durmir para criar máis seme. Recoñezo que todo o que fago está relacionado coa morte. Así,

pouco despois da súa morte, en 1984, *Le Dictionare des philosophes* (Paris, 1984, páxinas 942-944) publica un artigo de Maurice Florence encol da figura de Michel Foucault. [...] Maurice Florence resultou ser un pseudónimo de Michel Foucault. Nunha caste de casualidade ou ironía do destino, precisamente Foucault, que reivindicou o anonimato, decidiu escribir o seu derradeiro artigo oculto trala máscara dun nome de muller.

Unha festa chama a outra, e a densidade de cousas e persoas multiplica a vida.



É bastante poético. Mais non é moi serio. Como na vella canción de Ramoncín: “Esmagade, a modo e canda min, / a patulea e cafarnaxe de cascudas e saltóns, / os que sen tino nin norte, coas pirolas limitadas, / seguen reducidos aos poentes e aos peiraos.»



«O papa bailando por riba das cabezas da xente.
Non se cumpriu a esperanza de que o adival rompese.»

O CINECLUBE DE COMPOSTELA PROXECTA

A HORA DOS FORNOS

**DE OCTAVIO GETINO, FERNANDO
SOLANAS E SANTIAGO ÁLVAREZ
REALIZADO EN ARXENTINA NO ANO 1968
FILME DIVIDIDO EN TRES PARTES:**

- 1.NEOCOLONIALISMO E VIOLENCIA**
- 2.ACTO PARA A LIBERACION**
- 3.VIOLENCIA E LIBERACION**

**QUE SERÁN PRESENTADAS RESPECTIVAMENTE
OS DÍAS 29 DE NOVEMBRO, 30 DE NOVEMBRO
E 1 DE DECEMBRO EN VERSIÓN ORIXINAL
NO LOCAL SOCIAL O PICHEL, AS 22:30**

POSTAL DENDE **BOS AIRES**

Para Ramiro Ledo

Teñen unha silveira presa no corazón.

Por cada perda, un paso.

(Territorio: Utopía)

Os salgueiros non choran.

Os mares non se deixan posuír.

O imposíbel só tarda un pouco máis.

E polo río abaixo

as flores de auga traman resistencia.

Onda as rúas cortadas,

contra os muros:

Fai algo coa túa rabia

(Fai algo coa túa rabia)

P.D.: “Estanos a medrar neve nas mans”

A IRREPROCHÁBEL CONDUTA DO ANARQUISTA

I

non recoñecer máis músculo que o que serve para escapar: descentrados, descolocados: apoloxía das marxes: celebración das partes de atrás: diques de contención: sen sol e resistentes: a ética clandestina da ollada: a honorabilidade do bandido: actúa: antes de que sexa demasiado tarde:

II

trátase de avanzar: os ataques preventivos e a excepción cultural e o foco e a táctica da fenda: non ao carallo vinte e nove: velaquí o lugar máis cálido: o fondo vermello do aire, a violencia e a liberación, a descarnada historia do roubo: o único camiño é a expropiación:

III

constituírse: entusiasmo: ansia impertinente de ollo: autonomamente: é preferíbel arder ca queimarse: tecnicamente: encher de area a engrenaxe e de aire a bomba hidráulica e de terra as unllas: a independencia tamén consiste en negar: declaración de amor ao ruído:



IV

declaración de amor ao odio:

V


a cousa é armarse: nacionalizarse estranxeiro: dirixir
as frechas e dividir o espectáculo: dinamitar o fetiche:
irreverente e antagonista, a luz: a palabra de orde avisa:
contra o estado, contra calquera territorio: convocar e
indisciplinar: arriscar ou dar o paso no bordo: mirar
cinema tampouco resulta doado:

VI

a moral oponse a todo posibilismo e o inimigo agáchase
na opulencia óptica: coñecer os lugares da reacción, a
prensa retardataria, o festival da caverna: nada dá igual:
granada de man e fusil de asalto: a cámara coma ourizo: as
boquexadas da besta non entran:

inviolábel.





MÚSICA DAS ESFERAS

(B.S.O) / ANUNCIADO EN TV

O presente artigo, repetido 840 veces, forma o volume XXXIV da «Historia enteira do pensamento musical universal» que apareceu publicado en 2001 co título «Dereitos de autor: SGAE, oleodutos e outros derivados da benzocaína».

Prólogo para non ler: Aínda ningún lle pagou ben a Platón por ternos explicado aquilo de que hai dúas músicas, unha audíbel e outra inaudíbel, esta última verdadeira e culpábel de que a órbita de saturno arredor do sol sexa o equivalente exacto dun re bemol ou dun casete de gasolineira rotulado «Éxitos de El Fary» co «Bolero Mix 6: has visto lo que hace la cerda de tu hija» gravado por riba.

Moi importante!!! Ningún deba pronunciar o seu xuízo verbo dos Dereitos de Autor antes de que as súas Sociedades nos aclaren se a violación/ausencia destes foi a culpábel da morte de Bessie Smith desangrada na porta dun hospital para brancos no sul dos Estados Unidos de América o 26 de setembro de 1937. O resto impórtanos ben pouco.

BALDE !!

ESFERAS

Para xente respectuosa coa lei mais con escaso poder adquisitivo, saiban que existen moreas de músicas que ningún autor con dereitos compuxo nin comporá nunca e das que vostede pode gozar de balde sen privar a La Oreja de Van Gogh dos seus merecidísimos tiros de coca. Un exemplo:

Música de balde para grandes superficies. Substitúan cada nota da escala musical polo nome dun medicamento. Xa saben: alprazolam, paracetamol, benzodiazepina... para os semitonos poden funcionar combos farmacéuticos: poñamos que o fa sostido é agora dexibuprofeno.

Epílogo. Unha cita célebre arredor da música das esferas: «Entón sentín a serea. Cando non a escoitas é cando é para ti» (*Pulp*, Charles Bokowski)

Epílogo. Un chascarrillo da música das altas esferas: «O colmo da propiedade intelectual: ser o autor dos dereitos» (*101 chistes do capitalismo serodio*, VV.AA.)

primeiro de maio
terra negra nas cortas da europa campesiña
se puidermos escoller, sempre proletariado
non regar a vesada á volta da fábrica
coñecer labregos non retardatarios
non aventar aveas nin serrapio
a batalla de chile
mans agrandadas, dedos coma chourizos
darwinismo
dixomo un paporrubio
unha ou dúas cousas que sei deles
os meniños queren ser veterinarios
micos maoístas de *sans soleil*
abóndanos co fondo do aire
vosoutros, xeración xentil

"Volvimos atopar homes libres. démoslles o lugar máis destacado neste filme: o dos que son quen de interrogar, de rexeitar, de emprender, de matinar, ou sinxelamente de amar ¶ Non estaban exentos de contradicións nin mesmo de erros: e a verdade non é quizais o obxectivo, senón, se cadra, o camiño" (carta a algúns camaradas, c.m., 1977)

- chris marker -
o fondo do
aire é
vermello

[LE FOND DE L'AIR EST ROUGE]
FRANCIA, 1977, V.O.S.G.

DIA 21 - Primeira parte: as mans fráxiles
DIA 22 - Segunda parte: as mans cortadas

CINECLUBE
DE COMPOS
TELA. 21 E
22 DE MARZO
22:30 H.
L.S. O PACHEL
Sta Clara, 21



GRANJEIROS HÚNGAROS E VIOLINISTAS ESTÓNIAS CONTRA A POÉTICA DA OEDIÊNCIA

■

Nenhum governo pode dar por suposto que a gente obedecerá “leis”, escritas ou nom, se nom logra convence-los para que o façam. A obediência lograda através da força física, como a militar e a policial, pode resultar efectiva só para um certo lapso de tempo, mas antes ou depois rebentará, em parte porque poucas sociedades podem permitir-se manter um número o bastante amplo de agentes da lei
(Itamar Even-Zohar, Universidade de Tel-Aviv)

Ou é engraçado ou é miserável escrever isto desde Israel. Mas a nós serve-nos, assim, sem citar a procedência, para ir marcando os ritmos da abordagem.

Nom é um bilhete de identidade outra cousa mas umha carta de obediência e obriga com o poder. Carecer de creditação, de passaporte, nom estar identificado (é dizer, vigiado, susceptível de suspeita) é, por aqui

(Ocidente, chámam-nos), sintoma de perseguição, exílio, fugida, nomadismo. Podemos lembrar a Paul Celan indocumentado, abandonando a Bucovina em 1945. E como chegou à Hungria, como dormiu em estações de comboio, como aceitou a caridade de alguns granjeiros nativos. Nom tinha nem a quem ser obediente. Era um homem sem lei. Coma quem diz, um ninguém. Já me puxem estupendo.

Gostaria de escrever aqui umha poética da obediência para entender ao inimigo. Estabelecer a medida do verso repressivo, a cadência da citação judicial, o ritmo da declaração (sempre) baixo a ameaça. Registrar umha tendência à reiteração temática que diz algo assim como *dignidade, propriedade, direitos de autor, pollo frito*. Nom se entende nada.

Constatemos um fracasso: carecemos do direito ao silêncio. Nom podemos deixá-los, a eles, com a palavra na boca. Com as suas leis nos seus julgados.

Era 1970 quando Gabriel Celaya acudiu á periferia de Bilbao para participar numhas jornadas de apoio a um centro cultural sobre o que pesava umha ordem de desalojo, passo prévio ao derrube do edifício. Chegou, falou das injustiças, fixerom entre todas um mural desobediente. Num momento dado, comentou com um dos vizinhos algo sobre os seus livros. E aquele homem dixo: “Eu nom sabia que eras escritor, só vim um tipo que véu aqui ajudar-nos a pintar um muro”. E a Gabriel Celaya aclarárom-lhe a vista para sempre. Ou o fazemos todas

ou nom o faz ninguém.

Vaiamos polo lado práctico. Deamos alguns dados:

Sociedad General de Autores Españoles (sede central)

Fernando VI, 4, 28004. Madrid (Espanha)

Tfnes: 34 913 499 550 / 913 499 500

Sociedad General de Autores Españoles

(futura sede na Galiza)

Edificio feo no bairro de Vista alegre,

baixando desde o Marinheiro á mao esquerda.

* Em construción, até que cansemos de verdade.

Produtora La cicatriz

(herdeira de **Cámara Oscura Películas, S. L.**)

Director executivo: **Pablo Llorca**

Rua Villanueva, 8, 2º, 28001. Madrid (Espanha)

Tfne: 34 91 5940030

e-mail: info@laticatriz.net

Nom é polos dinheiros, que é polo poder. Polo medo.
Como quando enviárom dous presos à cela de castigo
(insuportável a redundância) por fazer um jogo de damas
com cartons velhos (penal de El Dueso, Espanha, 1938).
Como quando recitou o polícia: “¿Y tú de que te ries?”
(Compostela, abril de 2002, eram 4.000).

(Há umha violinista estónia dormindo na sala e eu quero
ser o pirata fugitivo de algum filme. E sermos amanhã
cento e cinquenta milhons de piratas denunciados. Dos
desobedientes. Dos maus. Piratas dos insuportavelmente
maus.)





IMOS FACERCHE CAGAR AQUILO QUE NOS DECHES DE COMER

Primeiro vinos facendo cola diante dun reloxo, e pareceume que era cedo. Ou tarde de máis.

A conta atrás comezou a destempo e comezaron a baixar.

No bar discutiron, porque todos tiñan medo. Chamáronlle preguiceiro a un que miraba para o chan. **Todas as lanternas** sinalaban as paredes.

Un deles tinha un amigo, e o amigo viu un cadáver na montanha. Comparouno coas estalactitas e dixo: **“cústame respirar”**.

Baixaban polo interior da montanha coa axuda dos troncos.

Un tronco metíacho a ti polo cu.



R

coñecela, como nos tempos do noso trato, cando nos cruzabamos nas sesións do cineclub e ela saía case fuxindo despois, sen sequera axudar a recoller as cadeiras, ou agardar para saudar a ramiro, discutir con ela se era máis ou menos revolucionario xuntarse a ver filmes todas as semanas, cal era a diferenza se a había con facer cola tras a última estrea comercial e eu daquela estaba errado, ben se viu despois, cando a demanda, os lobos brancos correndo tras un fato de persoas, e nós sen lanzas que servisen para reproducir sequera a estética daquel cartaz que ela ampliara e tiña pegado na parede, con algo escrito en alfabetos que parecían doutro mundo e un lembraba os debuxos do gato e o rato, expresionistas e mecanizados, e soñaba con que o paraíso na terra lle fora negado a toda unha xeración, aínda como mentira, ou salvando o venezolano contra o que mario arremetía cada vez que tomaba dous cubatas, ou o outro, que xa case parecía o noso avó, e nós, dispostos a defendelo como se fose o noso avó, coa mesma inocencia, o mesmo amor, o mesma incansábel determinación, aínda que nunca se

viran tempos tan fodidos, e ela sempre dicía que no anxo exterminador estaba toda a verdade do mundo até hoxe, aínda que ensinar sempre é simplificar, e todo era moito máis complicado, pero mesmo así a base da epilepsia era a repetición, e que todo mal, ou todo goberno se baseaba na repetición, xusto aí tiñan razón os dadaístas, xa o dixera roí aquela noite de verán, había que abrir a mente das persoas, sacalas do círculo vicioso da súa realidade, o círculo en que o fascismo corre sen parar como un hamster xirando a súa roda, aí fallamos, rapaz, aí, aspirar á estabilidade, pensar que o paraíso na terra, aínda como mentira, podía ser identificado cun ciclo invariábel, cunha pedra de base, en lugar de ser sempre a transición, a revolución permanente, un transcorrer, que é o que é a felicidade, a vida, o pracer, non te decatas, miles davis nunca escoitaba dúas veces o mesmo disco, non entendía que lle pedisen tocar o mesmo tema por segunda vez, se xa o tocara unha, e a repetición é a morte do jazz, impedirlle as variacións, convertelo na canción que as radiofórmulas nos cospen día e noite, até que xa

non te farta porque a interiorizas, e xa non che molesta porque a volveron parte de ti, látegos da industria para domesticarnos, cada exemplar legal é idéntico ao anterior, e non debes tocalo, nin estragalo, e non podes pintarlle as letras, ou debuxarlle ti mesmo as portadas, ou deixalo sen marcas, para chegar á casa e poñer un calquera e levar unha sorpresa, onde miles davis de hoxe tocaban en tugurios poboados por xente coma nós, a arte como potencia, pero até os tempos fodidos pasaban, aínda que seguisen sendo fodidos para outros, e deixas de ver a xente, e nunca máis baixas ás catacumbas onde os valentes proxectan os filmes, e sen transición enguedéllaste na ruína rutineira, e cada día ás oito, e ás once, e ás dúas, e cada cinco días dous e cada trescentos sesenta e cinco trinta, e comida, defecación, e sexo os sábados, e tras cada noite sol, e esquecemento, volvina ver para lembrar todo isto até a extenuación, para sentilo repenicar na cabeza, porque os anos se derrubaran sobre algunha parte de min, e vina, de todos os xeitos, un día que volvía polo franco e escoitei berros, e agarrei a carteira, e pensei canto faltaba para o coche, toda necesidade de salvarse redúcese a quen

conta moedas iguais, e porén ela abríase paso, ou abríanse paso a través dela a hostias, un remuíño azul, e circule, mentres alguén lle ata as maos ás costas e eu detéñome durante un momento para ver o esprai no chao, arrolando sobre as lousas, e podo ver espetado na parede socialismo ou barbarie, como na festa contra o capitalismo, unha mancha vermella, como aquel día berramos espantando a cidade, e vexo como lle baten, e apenas me deteño un segundo e comprobo que é ela, e circule, que eu apuro o paso e xa non penso en como debera romper o círculo e ir cara ás hostias, que distinto luciría o día visto a través das barras da cela e ter que chamar ao avogado, pero é só un minuto, na casa agárdame a comida e mañá de cada vinte e catro horas oito, e levar a nena ao médico a que lle mire a epilepsia, e coidar de que os estudantes do piso de arriba non me rouben el país, e só podo mirar de esguello mentres se retorce baixo o último golpe, un insulto a escintilarlle nos ollos, e pensar agora, trinta anos despois, como gustaría de cambiar a vida a como foi daquela, e que difíciles son as variacións cando non damos, e quen me dera rescatar algo de min, e volvela coñecer

CLEO DE D

22:05: son pequena na cama dun hospital.
o cuarto é cada vez máis grande.
en cada esquina medra un home.
catro homes con traxe e gravata. seis.
oito esquinas. doce homes.
unha corda gorda vaimos comendo o pescozo.
roo as unllas dos pés dos catorce homes.
unha enfermeira fálame en inglés.
os homes repiten as preguntas en francés.
cítanme a Sophia de Mello:
eles não pintam o quadro: estão dentro do quadro.
os troncos de Brasil traem ovos de tarântula.

EZ A DOCE

22:19: non sei como aparece o champaña francés
cando vexo escrito filete de iguana.
era cuestión de supervivencia,
non había diñeiro polo medio.
era a selva, a desconxelación dos polos.
era por fame e para non
comer aquelas latas de carne infinitas.
na imaxe rápida hai mantel,
coitelo, copas.
o champaña francés
nunha cea para dous.
foi o Ritz
ton ton ton.
e creo que non foi querendo.



22:47: qué será o que debuxan as nenas.
aínda xogarán coa plastilina
no parvulario.
a que máis me sabía
era a amarela fosforita.
pregúntome
se iremos algún día a Nova York.

23:22: Agnes Varda. presentáronma un día no cineclube.
díxome: a boca é boca.

23:12: vive soa.
na aldea non hai máis
que outra casa con xente.
polas noites aparéceselle
algún presentador da televisión
e cántalle Asunción, Asunción
bota algo máis de viño ao porrón.



23:23: este é o lugar onde medran os mortos.
médranlles as mans aos mortos para agarrarte mellor.
deixa de andar ás carreiras,
o sur. Non hai homes no sur
cos que deitarse nas tumbas.
aí vén o sol e trae sombras.
emborráchate, para que te emborrachas.
báixate, súbete ao carro do supermercado
(ata que se acaben todas as estradas do mundo)
anda dereita, ponte dereita.
non andes arrastrando os pés.

23:59: a nena do parvulario
todos os días
miraba enriba do armario
se a pelota aínda estaba alí
desinchándose.

20.000

LEGUAS DE VIAXE SUBNORMAL

1 Está a terra, está o mar e no mar están os peixes: os normais (os que se comen e os que nos comen, e tamén algúns que son venenosos e que por comodidade non teremos en conta) e os monstros das profundidades. Eses non sei se nos comerían, viven demasiado abaixo, onde nunca imos porque nos rebentaría antes a cabeza coa presión. Mais teño bastante claro que non se comen. Son feos e algúns teñen unha luciña francamente triste para ver por onde nadan.

2 Isto é zooloxía-ficción e non pasa nada: falo de bechos como podería falar da nave de Star Trek. Podo dicir: o 95% dos peixes abisais son aínda descoñecidos para os seres humanos. Ou mesmo: os peixes (que hoxe son) abisais viviron algunha vez perto da superficie mais foron desprazados polos novos peixes que ían aparecendo cara ás profundidades mariñas --e por iso son feos. Porque son doutro tempo.

3 A fonte á que me remito é unha revista que lin nunha cafetaría un día que tiña resaca. E non pasa nada. Sigamos.

4 Está o mar, está a terra e na terra hai o réxime copyright para xestionar o que se dá en chamar dereitos de autor. Todo o mundo sabe que o copyright é ao seu xeito un monstro doutros tempos, becho enorme que non se corresponde ás formas de transmisión da información que hoxe hai. Porén, intereses diversos fan que o réxime de copyright continúe absolutamente vixente e determinados lobbies de poder recaden o seu diñeiro cando teñen fame ou se senten luxuriosos. Ñam, ñam.

5 Tamén podemos subir no lombo do golfiño das licenzas abertas, nadar até Hawaii e deleitármonos nas cordas do ukelele. Mais a maior parte do coñecemento ao que podemos acceder non ten unha licenza aberta. Debemos conformarnos con ser un pouco máis burros? E todo o que nos perdemos nas simas, nas profundidades? Por que renunciar? Se as criaturas abisais teñen unha luz na cabeza talvez sexa porque hai algo interesante que ver alá abaixo, nas augas escuras.

6 Está a terra, está o mar e a alegoría do mar vai, de a pouco, amosando importantes desaxustes que nos fan pensar que non hai alegoría perfecta e, tamén, que as alegorías é mellor traelas pensadas de antes e non improvisar.

7 O que quería dicir é que a actitude sá é ignorar o copyright. Pasar polo forro dos collóns, por dicelo en palabras profundamente patriarcais (malia que non por iso menos contundentes), as apropiacións culturais do poder, sexan as do copyright ou calquera outra forma de apropiación cultural capitalista que o substitúa unha vez que o copyright sexa demasiado abisal mesmo para eles e se apague a luciña triste da súa cabeza. Na superficie, non o esquezades, tamén nadan quenllas brillantes.

8 Está o mar, está a terra e a terra é para quen a precisa. Mais non estamos aquí para falar de obviedades.

9 Non á SGAE.

10 As alegorías con peixes non funcionan xamais. O formato de decálogo tamén ten dado moitos problemas ao mundo aquí e aló.

11 Isto é practicamente todo o que quería dicir.





NINGUNES OU PLATO

*Un actor e unha actriz. Ambiente de ilegalidade
con reflexos de neon.*

HOME Vou facerlle unha oferta que non poderá rexeitar.

MULLER Está intentando seducirme, señor Robinson?

HOME É vostede a muller máis fermosa que vin na miña
vida... (*aparte*) o cal non di moito ao seu favor.

MULLER (*Irónica*) A virtude dunha rapaza importa moito
menos que o seu peiteado.

HOME (*Arroutado*) Casa comigo e nunca máis mirarei
outro cabalo.

MULLER Tranquilícese, cabaleiro. Non comecemos a
chuparnos as pirolas aínda.

HOME Unha relación é como unha quenlla; ten que estar
continuamente avanzando ou morre. E paréceme que
o que temos aquí é unha quenlla morta.

MULLER En fin, ninguén é perfecto.

Pausa

MULLER De acordo, señor DeMille. Estou lista para o meu primeiro plano.

HOME Estás falando comigo?

MULLER (*Aparte*) De todos os cafés do mundo tivo que elixir o meu. (*Ao home*) A vida non é máis que un interminábel ensaio dunha obra que xamais se estreará...

HOME A vida é como unha caixa de bombóns: un nunca sabe o que lle vai tocar...

MULLER Francamente, querido: impórtame un carallo.

HOME O corazón dunha muller é un profundo océano de segredos. (*Lascivo*) Ese escuro obxecto de desexo...

MULLER Eu non son mala, é que me debuxaron así.

HOME En fin, ninguén é perfecto.

Pausa

MULLER Se lle son sincera, estou considerando moi seriamente comer a súa muller.

Home rasca a cabeza. Consulta no guión.

HOME Adoro o cheiro do napalm pola mañá!

MULLER Cando escoito Wagner durante máis de media hora dáme gana de invadir Polonia!

HOME Este pode ser o comezo dunha grande amizade...





Dito popular

Ti, tranquilo,
que Tranquilo
morreu caghando

Frase mítica dun colega

Levo tantas copas
que xa non as levo eu:
lévamas unha Gestoría

Nadal na casa

Por e para a Neves, Miñanai
Botan hoxe
algo interesante
na neveira?

Dixo ela

Por e para a Lara Rozados, Miñamoça
Contigho
pan
e çirco

Díxoo ela

Con e para a Lara Rozados, Miñamoça
Fódesme
a vulva
raquídea

Para o Cineclub de Compostela

Aquí está
aparcado
prohibir

Primeiro de maio

Por e para o avó da Xía Arias

Non lles dabamos
mel aos obreiros
que gastaban moito pan

Cu-chinés

Con e para o Aser Arraiano

En chinés mandarín
crise pronúnciase igual
ca *oportunidade*

Kafka, fillo da emigración

Fun a San Caetano
e dei máis voltas ca un chicle
na boca dun fanado

Tarantino, fillo da emigración

Se che meto unha hostia
das sete voltas no calçoncillo
sen tocar a ghoma

Robert de Niro, fillo da emigración

Que pa? Que pa? Que pa?
De que? De que? De que?
Ar llu toquin chu mi?

Berros de gherra da tribo

Xa pasaron as leiteeeiras!
Abuela, o tempooo!
O leite polo luuume!

É matemático

Por e para a Lucía Alonso, Miñabuela
Di Miñabuela:
Haiche cada unha
que che fan dúas

A tía Felisa dixit

Por e para a tía Felisa, in memoriam, e seu fillo
o Juanito, técnico de televexos e lector de Marx
Juanito, non leas tanto,
que de tanto ler
inda vas *extraler*

Cinema galego (de vaqueiros)

Por e para a memoria colectiva do Val Miñor
– Pois onte funche ao cine
– Ai, si? E que miraches?
– Boh! Vacas a correr

Díxoo un de Xinzo

Por e para a Ana de Xinzo e seu pai
Isto non é vida
Isto é
un bidón

Idiosincrasia matría

Por e para a Neves Campos, Miñanai
A min ghústame o meu traballo
pero se non mo paghan
non me divirto

Meupai tamén existe

Por e para o Leonardo Fernández Comesaña, Meupai
Ti
oes
visións

Sinestesia

Por e para o Nardo, Meupai
Ti
sin ghafas
non oes nada

Miñabuela

Por e para Miñabuela
Eu
toda a vida fun así:
ghallegha dreita

tren de sombras

Todo filme é dende logo un sistema, mais ningún sistema humanamente montado se presenta sen fallas, sen crebas, sen dúbidas ou contradicións o plano esgaza rompe o plano arde en belmondo suicidio do personaxe bogart na banlieue a ela fálalle dos estertores de alicia ao oeste dos camiños de ferro de habitar os barrancos do suxeito as extremas da fábula a ferida da imaxe sr malraux escribolle dende un país que descoñece a franza libre sen pór en xogo a súa propia insatisfacción ou a súa propia destrución disparádelle á columna vertebral á columna vertebral truffaut arrincas os tumores do guión mais o cinema non é proskenio de autor o cinema non se negocia en mesas camilla o cinema estende abismos Detectar eses ocos do sistema é o que cómpre

griffith miña señor qué estraña froita pendura das arbres A parte de sombra faise daquela postura e axente da representación: abrir ao espectáculo a posibilidade de percibir, quizabes de comprender aquilo que non se deixa ver doadamente que foxe ao concreto da representación, o que non se quere ou pode mostrarse, o que abraia o ollo maquinístico 1895 un obreiro sae da fábrica lumière sae de campo regresa en xuño de 1968 la reprise du travail aux usines wonder era o rostro caído dunha obreira rematou



a folga fica outra volta ao pé da fábrica ten noxo de volver
gomita valor de cambio tecnoloxías do corpo procura o
berro a pantasma percorre a película europea flores na
tumba de numarx

*os procesos lentos, as organizacións, o traballo, a estrutura,
as relacións de forza, as plusvalías* cámara de ollo vesgo
biopolítico as pílulas de ramsés o silencio de iris a
ansiedade de verónica os esquecidos os ósos do cemiterio
de lisboa monsieur hulot o fondo do aire o peirao ao cabo
do solpor autopsia en vida de jacinto esteva a avangarda
dos refuxiados as luces da cidade o fedor de auschwitz a
casa do meu amigo

*que un pouco desta preciosa escuridade resista na parte
do cinema refractaria ao espectáculo, que cedamos ás
galanterías da escuridade, ás belezas do descoñecido,
aos golpes de sorte* é dicir a estética da resistencia
é dicir a que distancia de min comeza o outro é dicir
o acontecemento do real

*Digo isto coma unha manifestación de esperanza para o
que ha vir. Todas as luces do espectáculo non abundarán
para rematar coa escuridade do mundo* [rúa de santa clara
21 1º compostela mércores dez da noite]



in the Courthouse, saying:
I'll tell the whole truth.



Canto val?

Unha cantiga na boca da vella.

Unhas palabras enfiadas no papel.

Un produto cultural de masas.

Unha serie de televisión para adurmiñar cerebros

[nos sofás.

Un disco feito con moita visión comercial.

A primeira palabra dun fillo.

A receita que non che deu tempo a preguntarlle mentres

[vivía e que agora non lembrás.

O cu da estrela mediática dos USA.

Os ollos dunha nena afgá con medo.

Unha igrexa ardendo.

O sistema literario galego todo.

Unha novela de Kafka.

Todas as rotativas de xornais do mundo.

Un símbolo, calquera.

Unha tradición.

Unha bandeira chantada na terra.

Unha escultura-instalación con videocreación polo medio.

Unha inauguración con canapés.

Todos os premios, todos os xurados, todas as galas.

Unha consellería.

Os debuxos nas paredes.

Os cadros no Prado.

Un filme de Hollywood.

A estatua das marías da Alameda

(alguén sabe que se chamaban Maruxa e Coralía Fandiño

[e que foron represaliadas?

ou só están aí para que os guiris lles tiren fotos?)

Un minuto de calquera telexornal.

Unha obra de teatro institucional.

Un señor que toca a guitarra na rúa.

As manifestacións dos “días de...”

Unha praia que está deixando de existir.

O cemento. Canto val o cemento?

Os pantalóns que che coseu túa nai.

As camisetas que cosen vinte mil chinesas

que viven nunha fábrica.

Un libro de historia.

A terra.

A Terra.

Unha película.

Coa chegada da mediamañá as bocas aproxímanse á fábrica, nos brazos de irmáns e avoas.

O que resta dela xa forma parte do chan e das paredes que a conteñen horas interminábeis de auga e sal. O seu pulso acompásase co ruído das máquinas que soan na sección do lado, invitándoa ao musical, a buscarse serea solista entre o concerto de peixes sal humidade leite.

As bocas sugan do leite coma elas lle sugan a vida a eses dez minutos, nos que a penas dá tempo a mastigar o bocadillo mentres os pequenos dentiños apretan.

Recoñécese medio anfibio, animal híbrido e pluridividido en imposíbeis, a personificación mesma da utopía produtiva. Dentro e fóra da auga das máquinas do peixe das compañeiras do seu neno berrón do núcleo monoparental porque el só vén para ficar nas súa marxes.

Bocas que xa enxendran a avidez natural de quen agarda e degoira. O sal líquido que brota de mamilas hipersensíbeis aos agudos.

Mimetízaselle a pel e múdalle o tacto, escameando dende os dedos que collen ese sabor. Depósitaselle na cunca dos ollos, dilatando pupilas, nas sens, nos pulmóns, e entra nela coma o seu coitelo nos seus estómagos, maquinalmente, sen sentimentalismos de sobremesa.

Bocas como camiños en que prolongarse até outra fin distinta, sen todo o que as define, outros eus en que vivir. O estreito fío que corta e fai suar.





TOPOGRAFIA DO MIJADOURO-DUCHAMP

Quando já nom há nada que dizer, se calhar o único polo que realmente merece a pena despegar os lábios é para achegarmo-nos a esse território que nom é possível ocupar. O canto do múltiplo nom precisa tradução.

Artelha-se a perturbaçom como manifestaçom do novo, do proteico e da sua iminência: a desviaçom do estabelecido, a invisibilidade do rosto, a anonímia. Atraiçoa-se o segredo.

Confunde-se a voz com as vozes com o eco das vozes.

Erguem-se os cantos das tribos de Babel que negam o reinado do Único.

As vanguardas anunciam a dissoluçom na vida quotidiana da arte, da política e da cultura. Os *happenings* marcam o continuum existente entre o teatro e a vida, entre o actor e o espectador. Lakoff fala da conceiçom metafórica subjacente à linguagem e ao pensamento. Deste jeito reconhece a capacidade poética como intrínseca a qualquer mamífero humano. O *homo parlans* transmuta-se em *homo poeticus*.

Os museus som os cemitérios da arte. Ali dentro falamos baixinho por respeito aos mortos. Os seus muros som tam altos como os que coutam Palestina para formarem o cárcere mais grande do mundo. Os muros definem, traçam o limite, constroem umha identidade estável, umha fronteira sólida, umha linha recta que marca no nosso mapa cognitivo o que é e o que nom é. Quando um *graffiti* entra numha sala de exposiçõs, a pintura dilui-se sob a luz dos focos. A ruptura cicatriza-se na instituiçom. A maquinaria extermina o espontáneo, normaliza o impermanente, fagocita o incontrolável. A maquinaria funciona.

Combater para que este mundo obrigatório nom siga a ser como é, que esta civilizaçom parasitaria e espoliadora que nem toma o casco azul como valor de câmbio e que consome quilos e quilos de vazio plastificado, nom fique impassível ante o Goreé global que se estende em todas as periferias e, sobre todo, à outra beira do Mediterráneo. Fai-nos falta um sonho que podamos compartir e que, por tanto, se faga real. Abrir um novo centro social. Okupar umha casa abandonada. Avançamos. Concretiza-se a imaginaçom. Chamar-lhe a isso poesia social.

Em face da podrémia de um individuo catatónico, sedentário, hermeticamente fechado, asfixiado, onde todo está regulado, submetido á lei, subordinado, acabado, que é dono de si, que tem o controlo, que se recolhe no fogar e ali se deixa afogar, vida de funcionários, fascismo. Três eixos do sistema de dominaçom: seduzir, proteger, atemorizar. Máscaras fundidas com a carne. A verdade dos ventríloquos. Mariano Rajoy, depois de dar um comício em

Barcelona, dizia: “queremos ser un país normal, de gente normal. Este es un partido normal”. Quando Nova Iorque esbirra, o mundo apanha um constipado. Já o anunciara Hayek em 1944: “Qualquer instituição económica internacional nom sujeita a um poder político superior, ainda que ficasse estritamente confinada a um campo particular, poderia exercer o mais tirânico e irresponsável poder imaginável”.

A poesia é a antítese do F.M.I., porque o lugar que ocupa no mundo é a utopia. Ali, aqui pode-se proclamar: a abolição da propriedade privada, omnia sunt communia; a inevitável prática do jogo; a capacidade subversiva dum verso de Celan como “eu som tu, quando som eu”.

Nom reinvenção do já inventado, senom expressom do nunca colonizável, quer dizer, do sagrado, da linguagem abismada ante o silêncio, incomunicável. Palavra fundacional que dá início à história. Expressom de umha contra-língua. Tartamudeio que tende umha ponte até o tu. Até um tu invocado, que emerge irreduzível ao mesmo, que desce à carne e fecunda o verbo. Confundem-se os corpos. Emudece o sentido. Começa a fotossíntese. O outro é o acontecimento fundamental, quem quebra o espelho auto-referente. É o real, a ascensão do rio, a osmose. O outro nom contamina. A graça da sua escuta doa o ser. Abre-se um espaço livre, nu, desconhecido, um fora-de-si que possui umha mais plena significação, que chega à raiz, à experiência limite. *Lux fiat.*

A palavra encarna, cria umha comunidade imaginária, convoca um povo. As televisions constroem povos, mas o poeta nom construi televisores. O exército é a espinha dorsal do Estado. A voz é um símbolo que significa 'abraço'. Suponho que essa é a diferença fundamental com o exército. O poeta fai o amor. O exército viola em massa. O poeta trova e ao trovar encontra. O poeta é umha legiom de poetas, umha legiom de matronas que estendem os seus braços ante a luz morta das estrelas e com as maos sempre vazias pronunciam palavras incompressíveis, constelações.

Lovesong de Maria do Cebreiro: “E para que o poema / poida escapar da páxina: / hai que termar do alento, / (...) citar sen ir as fontes, / tentar averiguar / quen foi Jack Johnson, / recitar en francés de Montreal, / dicir un verso longo / e non saber moi bem / qué significa, / converter este / espazo / nunha caixa de son / arrimar a cabeza á caixa / do teu tórax, / despois pechar os ollos, / escoitar”.

Escuitar a brisa do mar e saber que ainda há esperança. Escuitar como penetra a realidade nos sonhos e como cristalizam ante a chegada dum outro caiuco a Europa Ocidental. Escuitar. Abrir os braços. Dar-lhes a bem-vinda. Eis o poema.

Seica xa hai tempo que é difícil facer ou ver cine honesto e comprometido (que palabras tan baleiras) por estes lares. Non interesa que os nosos ollos se abran ó real; a quen non lle interesa?, é igual que nome lle poñamos porque cambia segundo as súas necesidades (poder establecido, multinacionais, masas), pero respecto a el hai que sospeitar e ser suspicaz coma o foron os bos de Marx e de Nietzsche (que nomes tan gastados e aínda así pouco comprendidos). Non interesan os filmes que suscitan dúbidas (pensemos en Godard e outros esquecidos, ignorados por aqueles que os aclamaron anos atrás). Os filmes que nos sitúan na tesitura de cuestionarnos se os acontecementos suceden así por casualidade ou está detrás unha razón poderosa (a dos poderosos) son postos a un lado.

A marxinalidade do cinema está conformada por autores e títulos que ousaron falar doutras realidades e doutros mundos posibles fóra do canon occidental marcado por Hollywood. O negocio de Hamlet, a dúbida (ser ou non ser, entrar ou non entrar, implicarse ou evadirse), queda á marxe da industria e sabíámolo, porén estabamos contentos con ese cinema situado nese lugar afastado, porque nós eramos os seus propietarios, é dicir todos o eramos: ese cine marxinal, o cine da sospeita e da dúbida non era de ninguén porque era de todos. Pero xa chegou o momento en que hai que pillar cacho onde sexa, incluso dese pequeno reduto cinematográfico (estes *filmes marxinais* nunca moitos e non son vendibles a un gran público) e xa non é o peixe grande o que come o peixe pequeno, senón que o pequeno come o máis pequeno aínda, o empresario produtor cinematográfico (antes “mecenas das artes”) ponse a cavilar e chega a gran conclusión: se queren ver filmes que paguen, a cultura é un negocio coma calquera outro, aínda mellor ca outros, porque este negocio permite revalorizar a merda de artista (é o que ten a valoración subxectiva). O de que a cultura é de todos é a gran mentira do século XXI, véndese ó mellor ofertante nunha poxa cibernética.

Situados nos tempos do canibalismo da difusión cultural, pensemos nun “hipotético” caso en que a produtora dun filme cunha audiencia de partida minoritaria estraga as posibilidades desa minoría de acceder ó filme: coarta a distribución e incluso evita que o autor do filme o utilice como el considera mellor. Xorde logo a pregunta: para que produciu a película este señor, para cen espectadores

interesados e agradecidos de vela ou para que fose portada na *Fotogramas*?, en que pensou no momento de promovela, no seu valor fílmico ou nos cartos que ía gañar con ela? Ocorrésenos un consello para este “hipotético” espécime de produtor: que para facerse rico produza outro tipo de banalidades (series televisivas pseudo-policíacas ou películas de superheroes, moi en voga) e non documentais sobre a industria da minería (isto é unha “hipotética” pista).

A estes, chamémoslle eufemisticamente, xestores culturais écheselles a boca coa palabra *valor* cando falan da cultura esquecendo as dúas primeiras acepcións da palabra:

1. Grao de importancia, utilidade ou aptitude de algo ou alguén. 2. Valentía, coraxe; e redúcena á terceira e sinistra, 3. Prezo. No caso ó que me refiro hai moito do *valor* 1 e 2 no seu realizador. O *valor* 3 encargouse de estipulalo o seu produtor, un mercador dos malchamados dereitos de autor.

Desculpas polo ton tan xeral das palabras, pero trátase dun texto aberto para que cadaquén o aplique ó caso que máis lle guste, ó seu favorito, porque por desgraza, isto non é a primeira vez que pasa e seguirá a pasar: a pantasma segue a percorrer Europa, pero vai cambiando a saba cos tempos, neste caso leva a máscara da cultura como propiedade privada.



A LIBERDADE QUE O LIBERALISMO VENDE

Vale que non hai unha única noción de *liberdade*. Vale que xa nun primeiro momento cómpre distinguir entre *liberdade interna* e *liberdade exterior*: a primeira tería un sentido ontolóxico e a segunda, social. Pola primeira preguntariámonos se somos libres na nosa condición (humana), se temos *liberdade de vontade*, se somos independentes, incluso de nós mesmos. Porén, aquela *liberdade exterior* vén ser algo así como a ausencia de coacción –esóxena–: é unha acepción negativa que, entendo, se positivizaría nas *liberdades* (dereitos para facer H ou B), sen confundirse con elas.

O liberalismo presentouse historicamente como unha liberación a respecto de determinadas condicións sociais: liberación fáctica para algúns, teórica para outr@s, porque realmente o único que mudou foi a estrutura, pero permaneceron as condicións. O neoliberalismo, coma se nada, insiste na súa capacidade para facernos (máis) libres, insiste en que nos permite ter a facultade de aprehender distintas realidades, de acceder á existencia que escollamos. Agora ben, a liberdade non é mensurable, non son máis ou menos libre. Podo ter, unicamente, máis ou menos *liberdades*, máis ou menos capacidade de decisión a respecto do mundo exterior.

Entón, seguindo a súa carta de presentación e axustándoa, o neoliberalismo pode achegarnos *liberdades*, concretamente –chamémoslle, logo– a *de consumo*. Primeira restrición do concepto. Esta *liberdade de consumo* dáse en función dos posibles económicos persoais. Segunda restrición. Pero, ademais, o liberalismo mingua o número de obxectos ou experiencias aos que podo acceder sen pagar, porque establece nas regras do seu xogo as realidades das que se fixo señor (feudal). Entón, se eu accedo “sen pagar”, dime que rompo a baralla, a súa baralla. Terceira restrición. A liberdade queda, así, convertida na posibilidade de incrementar o capital. E malia que esta posibilidade, por ser unha opción, inclúe a posibilidade de non facelo, o sistema pretende imporme a obriga de incrementarlle o capital se eu quero un obxecto ou unha experiencia. Esta cuarta restrición é xa unha imposición.

Resulta isto capcioso, porque eu quero acadar un produto que o capital produce e ofrece? Dixemos: o capital fixo de todas as realidades, mercadorías, co seu toque máxico, privatizou case todos os aspectos da experiencia vital, e eu pola vida non pago. A vida é a súa propiedade, pero eu non teño por que aceptar esta premisa, é evidente.

No caso da liberdade de acceso á *propiedade intelectual*: primeiro, o intelecto é unha facultade humana, un ben da humanidade e, polo tanto, se non se mistifica a noción, aquel non pode ser unha propiedade e, polo tanto, non entra na *liberdade de consumo*. Entón, podo acceder ás creacións do intelecto sen dar cartos a cambio. Ademais, un dos baluartes do sistema liberal foi, precisamente, a liberalización da cultura, o libre acceso, que acabou sendo a necesidade de pagar polo acceso a ela. E ben, como moito acepto pagar polo soporte, que ao fin e ao cabo é un tanxible; acepto de bo grao pagarlle ao creador/a da obra. Pero en ningún xeito acepto pagarlle aos mediadores, que non achegan intelecto ao que chaman *propiedade intelectual* e pola que me obrigan a pagar, se quero acceder a ela, claro.

STUDIO CITY
COMPOSING

ANTHONY MANN: WINCHESTER




A HOME WILLIAM WYLER: DO OESTE

© 1964 by William Wyler. All rights reserved. Printed in the United States of America. No part of this book may be reproduced without permission in writing from the publisher.

Illustrations by the author. The illustrations are in black and white.





«Acho que vivimos nunha época de traizón, máis nada. Teño noventa e sete anos, son máis vello do que o Baudelaire cando dicía que tiña mil anos. Sobrevivín nun mundo en que a vida do artista ao ar libre era bastante difícil, sobretodo cando quería facer o que dicía o Cocteau: 'cultiva o que che censuran, es ti mesmo'.»

Jean-Marie Straub en

Onde xace o teu sorriso?, de Pedro Costa

Posted by inseminario // 01.05.07 // 00.35 AM // inseminario.blogspot.com

SU SINCERIDAD ME MATA

Os habitantes da rexión española, de acordo a un estudo do Centro de Investigacións Sociolóxicas, están súper en contra da piratería cando a practica un moro-mierda co top-manta, pero se a practican eles, na súa casa, coa banda ancha de punta madre e un programa p2p, parécelles sensacional. Dada a sinceridade abrumadora dos habitantes da rexión española, o movemento SUFATO, solicita inmediatamente a anexión da rexión gallega á grande e libre rexión española.

Manolo Barbanegra



ADOLF, DER ÜBERMENSCH: Schluckt Gold und redet Blech



Pirata

Artefacto de apoio ao
Cineclube de Compostela

Compartir non é delito
Socialismo ou barbarie